

## O Entomodelfo



–Distinguidas donas e cabaleiro –había trinta e sete señoras e un só home–, o tema da miña disertación será "Xeneralizacións sobre a cría, costumes e posibilidades de utilización no fogar do Entomodelfo".

–Oh, que ben! Que cousa máis interesante! –comentaba a audiencia.

Ramón Lamote seguiu:

–Como a maioría de vostedes xa sabe, é un mamífero ovíparo propio de Groenlandia e, despois de se botar fóra do ovo, pasa en estado de ninfa as súas tres primeiras semanas ben gardadiño no casulo onde se lle desenvolven as ás que, ao primeiro, serán de pelica transparente ata chegar aos sete meses e nove días, que é cando lle comezan a medrar as plumas.

O Entomodelfo é un animal algo desgrazado nos seus primeiros tempos de vida se temos en conta que a nai, despois de poñer o único ovo cuadrienal, se ve instintivamente forzada a emigrar ao suroeste asiático polo que deixa a cría abandonada á súa sorte.

As persoas do público puxeron cara de sentilo moito, pero Ramón Lamote proseguíu con seguridade:

–Mais, distinguidos amigos, o Entomodelfo non pode máis que procurar a mantenza pola súa conta, mantenza que atopa na castaña que será para sempre o seu principal alimento. Resulta doado velo apañando nelas polo outono nalgúns soutos do Courel e facendo garda de boa cantidade, posto que lle han servir para todo o ano.

O auditorio estaba profundamente atento ás palabras de Lamote polo que lle daba unha maior rotundidade a cada cousa que afirmaba.

-O espallamento do mal da tinta que tanto prexudica os castiñeiros e a importante redución da nosa habenza está a situar en grave perigo a supervivencia do Entomodelfo...



Algunhas das persoas do público deron en aplaudir calorosamente ao remate da última frase, mais o señor Lamote fixo coas mans os acenos precisos para que calasen. Feito o silencio, seguiu:

-O motivo da miña presenza aquí son os animais domésticos e, agora, cómpre falarlles da actitude do Entomodelfo na súa relación coas persoas.



É un animal pouco molesto na casa se non se lle mete en discusións de tipo político ou social ao tempo que podemos tamén asegurar os seus hábitos de limpeza ademais do estético da súa presenza...

E con isto remato a miña disertación sobre o Entomodelfo esporadicamente doméstico e quedo agardando as súas preguntas referidas ao tema.

A xente aplaudiu, máis do que Lamote supuña. O noso home apalpaba os cartos no peto cando o único varón presente no acto ergueu o brazo dereito para preguntar:

-Cantos anos vive o Entomodelfo?

-Nunca máis de noventa nin menos de oitenta e nove.

-Onde se pode mercar un? -quixo saber a señora presidenta.

-Non se venden. Eles acoden a algúns fogares por vontade propia.

-Vostede ten Entomodelfo?

-Si, teño tres que veñen pola casa cando chove miudiño... Grazas.



E Ramón Lamote baixou do estrado antes que alguén preguntase outra cousa. Estaba xa a piques de se botar fóra cando se lle achegou unha nena, preciosa, duns sete ou oito anos.<sup>1</sup>

-Señor Lamote...

-Si, fermosa, que queres?

-Eu estiven aí gardada escoitando o que vostede dicía porque miña nai non me deixa asistir ás conferencias. Di que aínda son moi pequena e nada entendo... O que eu agora quería era amosarlle o meu Entomodelfo. Aquí o ten. Chámanlle Moxanelo.

E era o Entomodelfo máis fermoso que Lamote vira nunca. Un magnífico exemplar que contestou ao saúdo do home chuscando con picardía o ollo esquerdo.

Paco MARTÍN: *Das cousas de Ramón Lamote* (adaptación). Vigo, Ed. Galaxia, 2008.

## Ler e comprender

Lembra a lectura e responde as preguntas que tes a continuación:

- Cantas persoas asistiron á conferencia sobre o Entomodelfo?
- Que especie animal é o Entomodelfo?
- En que lugar podemos ver o Entomodelfo? Por que?

- Cando van á casa os Entomodelfos do señor Lamote?
- Cantas preguntas lle fan ao señor Lamote? Cales son?
- Quen é Moxanelo? Como saudou ao señor Lamote?